




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Cee, unha pequena franxa en Fisterra, ao oeste, e outra en Corcubión ao este. Parroquias: San Xoán de Sardiñeiro en Fisterra; Santo Adrián de Toba en Cee, incluíndo tamén pequenas áreas en Santa María de Cee e en San Marcos de Corcubión, ao este. Extensión: 3,38km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Val simétrico articulado en base a unha fractura de dirección NE-SO sobre material granítico, que culmina no areal da Praia de Estorde, ao nordés da Enseada do Sardiñeiro. As vertentes dos relevos que canalizan o arroio de Estorde presentan nalgúns tramos do seu curso alto, pendentes en torno ao 30 - 40 % de desnivel.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade pertence ao Dominio hercínico, aparecendo un granitoide migmático, con abundantes nebulitas e facies deformadas ao oeste e norte. Nunha esquina ao suroeste, no monte de Campo Grande, ademais de nunha banda costeira entre Punta Estorde e o areal de Estorde, aparecen cadanseu sector de xistos e paragneis que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe, e cuxa idade é precámbrico-silúrica. Aparece un dique de microgranitos ao norte de Rego do Espiño. O Cuaternario ten representación nos depósitos holocenos da praia e as dunas, pero no fondo do val de Estorde aparecen outros depósitos aluviais e relacionados con detritos erosivos.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Pequena cunca costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Húmido. Acumula entre 1200mm e 1400mm de precipitación media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios anuais por riba de 15°C, lixeiramente inferiores na súa cabeceira, e unha oscilación térmica media anual entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

Leptosols líticos nos sectores de cabeceira, principalmente os montes Chan da Gándara, Alto das Penas e Alto de San Andrés. A vertente está ocupada por solos do tipo umbrisol dístrico e a parte baixa do val por cambisols dístricos, os de maior grosor e máis evolucionados. Finalmente destacar os arenosos álbicos e háplicos do contorno da praia de Estorbe.


#### AS AUGAS

Á chaira costeira da praia de Estorde, nas Augas Costeiras de Cee – Corcubión (20144), chega o arroio de Estorde procedente das cimas do norte da unidade. Este colector principal recibe a achega do arroio de Prado Mato, pola súa marxe dereita.

#### O PATRIMONIO NATURAL

É unha unidade preferentemente de tipo sedimentario, aínda que posúe algúns sectores laterais con cantís baixos, que suman os hábitats 1230 de cantís mariños atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Na praia de Sardiñeiro, de maneira moi degradada, preséntanse áreas de dunas que deberían reproducir o grupo de hábitats 21, dunas marítimas das costas atlánticas. No interior da unidade aparecen tamén áreas interesantes a pesar da intensa transformación humana do medio. Para empezar, existen masas de frondosas ripícolas no Río de Sardiñeiro e o afluente das Bouzas, seguindo os dous cursos polo fondo do val. Tamén aparecen algunhas pequenas formacións de frondosas de recolonización, tamén no fondo do val. En moitas zonas do mesmo é posible observar áreas de hidromorfía, formándose prados húmidos, potencialmente dos Hábitats de Interese Comunitario 6420 e 6430.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A unidade presenta dous asentamentos tradicionais, Estorde (considerado núcleo de identidade do litoral) e Gimareu. Esta actividade antrópica vese reflectida sobre a Praia de Estorde, soportando usos residenciais e outros usos vinculados á explotación turística, como zonas de acampada. A superficie de cultivo esténdese polas zonas de pendentes máis suaves do val até chegar á fachada litoral, intercaladas con bosques de repoboación, que corresponden ao desenvolvemento de sebes vivas existentes nos lindes das parcelas. A superficie forestal, composta por bosques mixtos, ocupa as ladeiras do Alto da Costa e Alto de San Andrés na parte oriental da unidade, as ladeiras occidentais combinan masas de matogueira e manchas de árbore de repoboación.

#### MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos está constituída polas poboacións de Estorde e Gimareu. O núcleo de Estorde aséntase ao pé do Alto de San Andrés e distribúese de forma lineal apoiado no viario existente, cunha estrutura compacta sen ocupar a agra do cultivo. A súa tipoloxía é a típica dos asentamentos rurais galegos. O núcleo de Gimareu sitúase no fondo do val, á altura do nacemento do arroio de Estorde, é un núcleo moi pequeno, con apenas tres casas, ás que se lle uniron dúas vivendas unifamiliares de nova construción dedicadas á actividade agraria, xa que instaláron na parcela adxacente uns invernadoiros. O resto dos asentamentos correspóndense con construcións espontáneas de carácter residencial e industrial, situadas preto da fachada litoral arredor da vía de comunicación principal.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrutura de mobilidade existente na unidade está composta por, unha vía principal que é a AC-445, que discorre paralela á costa, a unha distancia de 100 m. da praia, atravesando a unidade transversalmente de oeste a leste e por dúas estradas locais que, partindo da principal en dirección nordés, unen cada unha, ao núcleo de poboación coa costa.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio arqueolóxico catalogado máis importante da unidade é un conxunto de mámoas chamadas, Mámoas do Monte dos Caudales situadas no lado este da Praia de Estorde, sobre unha fachada acantilada da costa. En canto ao patrimonio etnográfico destacar os Muíños de Estorde.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A unidade presenta un carácter dual. Por unha banda o tradicional agrario, xa que aínda sobreviven dous asentamentos rurais claramente identificables, rodeados do parcelario destinado á actividade agraria. Os asentamentos sitúanse afastados da costa, nas zonas do val con pendentes máis suaves, onde son posibles as actividades tradicionais. Doutra banda, a praia de Estorde que acolle o uso residencial e turístico.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Na fachada litoral xurdiron novos usos, residenciais e turísticos, relacionados co aproveitamento da Praia de Estorde como reclamo turístico, estes usos substituíron aos antigos que na maioría dos casos eran agrícolas. En canto á zona interior da unidade apareceron novas infraestruturas viarias, deixando en desuso os camiños tradicionais, e en moitos dos casos desaparecendo. A ladeira o Monte Sardiñeiro que verte no val, experimentou un cambio de vexetación debido aos incendios acaecidos na o ano 2006.


**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Un dos principais valores que presenta esta unidade é sen dúbida o bo estado de conservación do seu parcelario. O paso do arroio colabora a completar as texturas e o cromatismo desta matriz. A escena enriquecese co sistema de dunas da praia de Estorde. Todos estes elementos, xunto cos núcleos de poboación conforman un rico conxunto cheo de matices.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



